



Éxito da 4ª edición das Xornadas de Xestión Cinexética de Portas

O pasado sábado día 2 tivo lugar no Concello de Portas, Pontevedra, a 4ª edición do, xa a estas alturas asentadísimo, foro de divulgación científica sobre a xestión do coello de monte.

As máis destacadas aportacións científicas estiveron a cargo de: Francisca Castro (investigadora do Instituto de Recursos Cinegéticos); Luis Ignacio Pérez Odollo (laboratorios SYVA, responsable da coordinación do proxecto da vacina recombinante); Vicente Piorno (doutor en bioloxía, autor dunha tese doutoral sobre o coello de monte, e membro da administración galega).



As xornadas deron comezo xa entradas as 10 da mañá, inauguradas polo Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Portas, e durante as mesmas aportáronse interesantes solucións de cara á recuperación do coello de monte, unha das principais preocupacións dos cazadores galegos. Ademais dos suxestivos proxectos que foron presentados, estableceuse por parte do Dr. Piorno un atractivo decálogo de actuacións de fácil aplicación no medio, de xeito que cunha mínima pero necesaria implicación social do cazador e da administración que os tutela, poderíamos a medio prazo garantirnos razoables cantidades de poboación do lagomorfo, libre das súas tradicionais enfermidades.



Ó remate das conferencias, tivo lugar a presentación dun libro ca autoría de D. Manuel Martínez Casal, Presidente da Sociedade de Caza de Portas, que consiste nunha recopilación pormenorizada dos traballos expostos científicamente en todas as edicións anteriores. O título, como non podería ser doutro xeito é “Claves para o éxito na mellora das poboacións de coello en Galicia”. A devandita publicación estará en breve a disposición de todas as sociedades de caza de Galicia, a través da Federación Galega de Caza.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com